

**Convenio de cooperación entre a Sociedade Galega de Medio Ambiente e a Deputación Provincial de Ourense para a realización da “I Campaña provincial de compostaxe doméstica na provincia de Ourense”.**

En Ourense, no Pazo Provincial, a 1 de decembro de 2017, comparecen,

Dunha banda, Don José Manuel Baltar Blanco, **na súa condición de presidente da Deputación Provincial de Ourense**, de conformidade co disposto no artigo 34 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o 29 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Doutra banda, **Don Javier Domínguez Lino, na súa condición de presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.** (en adiante SOGAMA) con CIF núm. A15379803, actuando en representación da sociedade mercantil pública segundo o acordo do Consello de Administración de 15 de febreiro do 2015..

Da fe do acto Don Francisco Cacharro Gosende, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense.

Os comparecentes actúan en representación das respectivas entidades que presiden, con plenas facultades para o outorgamento do presente acto.

Na súa virtude, **EXPOÑEN:**

1. Que SOGAMA é unha Sociedade Mercantil, pertencente ao sector público galego creada polo Decreto 111/1992, de 11 de abril, como unha Sociedade Pública autonómica dependente da Consellería competente en materia de residuos, cuxas competencias son a xestión de residuos urbanos a partir de que son depositados nas

estacións de transferencia o plantas de tratamento previstas no plan de xestión de residuos urbanos, coas conseguíntes operacións de transporte, almacenamento, valorización, tratamento, comercialización e depósito dos residuos.

2. Que a Deputación Provincial de Ourense, en virtude da normativa de aplicación referente ao Réxime Local, ten competencias de auxilio e apoio as entidades locais da provincia, e no que atinxe a estas últimas, teñen a obriga de garantir aos veciños a correcta xestión dos residuos urbanos.

3. En atención as atribucións concorrentes a ambas entidades asinantes do convenio en relación a correcta xestión dos residuos urbanos, no 2010, a Deputación Provincial de Ourense puxo en marcha unha campaña de compostaxe doméstica nos trinta e sete municipios da provincia que, nese ano, estaban adheridos aos convenios de cooperación para a xestión provincial delegada do servizo de recollida de RSU (Amoeiro, Avión, Baltar, Bande, Beariz, Boborás, Blancos (Os), Calvos de Randín, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Coles, Entrimo, Irixo (O), Larouco, Lobeira, Lobios, Manzaneda, Montederramo, Muíños, Padrenda, Pereiro de Aguiar, Peroxa (A), Petín, Pobra de Trives (A), Porqueira, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sandiás, Sarreaus, Teixeira (A), Toén, Trasmiras, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras e Xinzo de Limia). Destes trinta e sete concellos, dous deles - Calvos de Randín e Os Blancos - renunciaron expresamente á realización da devandita campaña.

No exercicio 2011, o concello de Carballada de Valdeorras adheriuse ao convenio de xestión de RSU e solicitou á Deputación a realización da campaña de compostaxe doméstica, que tamén se levou a cabo neste municipio. Ao marxe do anterior, e con

posterioridade ao exercicio 2010, sumáronse nove concellos ao servizo intermunicipal delegado de recollida de RSU xestionado pola Deputación (O Carballiño, Castrelo de Miño, Punxín, Rairiz de Veiga, Ribadavia, A Rúa, Rubiá, A Veiga e Viana do Bolo), sendo estes os candidatos para realizar a campaña de compostaxe doméstica do ano 2013, promovida por Sogama e Deputación. De todos eles, Ribadavia renunciou á realización desta campaña, ao tempo que pasaron a adherirse ao convenio de prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos os concellos de A Bola e A Gudiña.

En resumidas contas, dende o 2010 ata o 2013, a Deputación, tanto independentemente como conxuntamente con Sogama, realizou campañas de compostaxe doméstica nos 49 concellos aos que a Deputación, nese momento, lles prestaba o servizo de recollida de RSU en réxime de competencias delegadas. A excepción de Calvos de Randín, Os Blancos e Ribadavia, que renunciaron expresamente.

A continuación, levouse a cabo a Campaña 2014-2015, que incluíu, por unha banda, aos tres concellos nos que non se realizaran campañas con anterioridade e por outra, a todos aqueles que presentaban un rango de participación menor do 1,5 %, co obxectivo de conseguir progresivamente en anos posteriores diminuír a desigualdade entre municipios.

No seguinte ano, e a diferenza das anteriores, a campaña de compostaxe doméstica 2015-2016 abriuse para todos os cidadáns dos 50 concellos onde a Deputación lles prestaba o servizo de recollida de RSU en réxime de competencias delegadas, incluíndo Vilariño de Conso (concello que firmou o convenio no 2015).

A continuación da antedita campaña, o 7 de setembro de 2016, a Deputación Provincial de Ourense xunto con SOGAMA asinan un convenio, para a realización da “I CAMPAÑA PROVINCIAL DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA 2016-2017”. Esta

concibiuse coa idea de dirixila aos 91 concellos dos 92 que ten a provincia, xa que é a capitalidade, o único que supera en poboación os 20.000 habitantes. A idea orixinal era realizala durante a tempada 2016-2017, pero con base na análise da poboación á que se podería chegar co orzamento previsto, daba como resultado ou non poder alcanzar un amplo número de concellos nos que se desenvolvese a campaña, ou de alcanzar un amplo número, non podería chegarse a un número significativo de veciños por concello, comprometendo a efectividade perseguida coa campaña e o convenio.

Así as cousas, as partes entenderon que o máis correcto era non desenvolver o seu obxecto (sen prexuízo da compra de composteiros que a Deputación fixo a fin de non demorar en demasía a celebración da próxima campaña), e trasladar as actuacións á subscrición dun novo convenio de colaboración, con unha dotación económica superior.

Polo exposto, e tendo en conta a proposta do convenio ao que se fai referencia no encabezamento, os comparecentes acordan a subscrición do presente Convenio anual de **cooperación entre a Sociedade Galega de Medio Ambiente e a Deputación Provincial de Ourense para a realización da “I Campaña provincial de compostaxe doméstica”, na provincia de Ourense conforme ás seguintes:**

## CLÁUSULAS:

### 1ª) Obxecto


Constitúe o obxecto deste convenio regular as condicións de financiamento da “I Campaña de compostaxe provincial doméstica na provincia de Ourense” por parte da Deputación Provincial e da Sociedade Galega de Medio Ambiente, así como a xestión e coordinación da posta en marcha e funcionamento da devandita campaña. Esta nova campaña de compostaxe doméstica para os anos 2017-2018 pretende, a diferenza de todas as anteriores, dar servizo a calquera concello da provincia da Ourense que estea interesado en participar, con prioridade daqueles que non teñan realizado campañas anteriores con calquera administración e sempre e cando contén unha poboación inferior aos 20.000 habitantes. Deste xeito, a campaña irá dirixida a 91 concellos dos 92 que ten a provincia, xa que o único que supera en poboación os 20.000 habitantes é a capitalidade.

### 2ª) Dereitos e obrigas das entidades asinantes do convenio

**Primeira.**–O importe destinado á I Campaña de compostaxe provincial doméstica na provincia de Ourense, a través da sinatura deste convenio será de 80.000 € (IVE incluído) a sufragar no 50% por ambas partes- Deputación e Sogama- de tal xeito que suporá o aporte de 40.000 € por cada entidade.

A Deputación encargárase do control e supervisión do correcto desenvolvemento da campaña.

**Segunda.**– Esta campaña poderá ser levada a cabo, ou ben polos medios propios das entidades que asinan este convenio, ou ben a través de calquera fórmula de xestión indirecta.





**Terceira.-** SOGAMA deberá aboar na conta da Deputación Provincial a cantidade correspondente ao 50% do convenio, 40.000 €, xa que esta administración, a través do Servizo de Augas e Medio Ambiente, será quen se encargue de contratar e certificar o correcto desenvolvemento da “I Campaña de compostaxe provincial doméstica na provincia de Ourense” e, por conseguinte, de efectuar os pagos á empresa encargada da mesma e a os subministradores de material. Pola contra, a xustificación dos traballos realizarase mediante a comprobación, por parte de persoal funcionario, ou ben, en caso de servizos prestados coa presentación dun informe final que recolla un resumen dos traballos realizados en cada caso.

Sogama abonará o 50% da súa aportación (20.000 euros) a firma deste convenio e trala acreditación por parte da Deputación da compra efectiva de composteiros que se destinarán ao desenrolo da Campaña. O 50% restante aboarase por Sogama trala aportación do informe final que recolla o resumen dos traballos e gastos realizados.

**Cuarta.-**A Deputación asume integramente as tarefas que se desprendan da xestión e coordinación da posta en marcha e desenvolvemento da “I Campaña provincial de compostaxe doméstica na provincia de Ourense”, que son as seguintes:

- Dirección, supervisión e control de todos os traballos vinculados á campaña.
- Aprobación dos contidos das xornadas de formación, de informes e de calquera publicación ou comunicado que se derive desta campaña.
- Revisión do material didáctico a entregar aos participantes.
- Asegurar o cumprimento das tarefas, pola empresa contratada, para a realización destes traballos.



En todas as actividades de divulgación da campaña, farase referencia expresa á colaboración de Sogama.3ª) **Estrutura da “ I Campaña provincial de compostaxe 2017-2018”**

Esta “I Campaña de compostaxe provincial doméstica na provincia de Ourense”, que se pretende impulsar por parte da Deputación e Sogama, concíbese cun carácter provincial, o que supón unha nova planificación e organización dos traballos que a conformen.

Así, a devandita campaña quedaría estruturada nas seguintes fases:

- Primeira fase- Divulgación, captación e selección dos participantes: nesta etapa promoverase a participación dos veciños a través do compromiso de colaboración dos concellos que queiran formar parte desta campaña.

O sistema de selección estará baseado nun criterio por orde de aceptación de solicitude e, no caso de que os participantes captados supere ao número máximo de composteiros dispoñibles, empregarase un criterio de prioridade no que prevalecerán as solicitudes de concellos que non participaran con anterioridade en campañas de compostaxe promovidas nin por Sogama, nin pola Deputación ou Ministerio, fronte as demais.

Os veciños, deberán asumir tamén uns condicionantes de cumprimento obrigado para poder ser participantes. Por exemplo, ter a súa primeira residencia no municipio do concello participante, asistencia á xornada de formación, dispor dunha superficie mínima de horta ou zonas verdes, etc.



Deste xeito, intentarase chegar a un número de participantes que permita cubrir a totalidade de composteiros xa adquiridos pola Deputación.

O material que se empregará para realizar a campaña constará de: composteiros cunhas determinadas condicións que permitan obter un compós de calidade, de manuais para cada un dos participantes co modelo e estrutura de Sogama, e do material de comunicación necesario para facer a campaña de divulgación.

- Segunda fase- Programa de formación: a través do cal transmitiranse os coñecementos mínimos para que os participantes poidan realizar un compós de calidade nos seus fogares de maneira autónoma.
- Terceira fase- Programa de seguimento: este consistirá na realización de visitas de seguimento aos composteiros, para comprobar a correcta realización do compós, e así poder axudar a corrixir desviacións, propoñer solucións, solucionar dúbidas e recoller calquera tipo de suxestión por parte do participante. Todo isto quedará recollido nos informes que se xeren a partir das devanditas visitas.

#### 4ª) Vixencia

O presente convenio producirá efectos, para ambas as dúas entidades, desde a sinatura do mesmo e ata a total execución das accións previstas, tendo unha duración máxima prevista de 1 ano.

De acordo co recollido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, poderase modificar o contido deste convenio mediante a sinatura das addendas que sexan precisas.



#### **5ª) Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control.**

Constitúese unha comisión de seguimento, vixilancia e control, coas funcións xenéricas que a súa denominación indica, integrada por un representante da Deputación Provincial de Ourense e un representante de SOGAMA, designados polo órgano competente de cada entidade. As funcións de presidencia da comisión corresponderanlle ao representante da Deputación. A secretaría da comisión corresponderalle ao Secretario xeral da Deputación, con voz e sen voto.

O funcionamento desta comisión axustarase ao disposto para os órganos colexiados establecidas na Sección 3 do Capítulo II da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

En particular, corresponderanlle as seguintes funcións:

1. Estudar e propoñer as modificacións ou adicións ao presente convenio que se estimen oportunas
2. Interpretar, con carácter executivo, o presente convenio, así como resolver do mesmo xeito as posibles discrepancias que xurdan na súa aplicación, sen prexuízo da posibilidade de que as partes presenten os correspondentes recursos impugnando os actos que dite a comisión no exercicio desta función

Informar preceptivamente os supostos de resolución e liquidación do presente convenio.

#### **6ª) Causas de resolución do convenio**

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:
  - a. Polas causas establecidas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público



- b. Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses.
- c. Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Nestes supostos a entidade interesada en resolve-lo convenio porá en coñecemento da comisión de seguimento, vixilancia e control a existencia de dita causa de resolución e a súa intención de resolvelo. Unha vez realizada esta comunicación á presidencia da comisión, esta procederá a convoca-la, e deberá reunirse nun prazo máximo de quince días hábiles, co fin de emitir informe sobre a procedencia da resolución. Emitido o informe da comisión, a entidade interesada adoptará a resolución que proceda, contra o que caberá o exercicio das accións legalmente previstas no ordenamento xurídico.

2. Unha vez resolto o convenio este entrará en fase de liquidación que formulará a comisión de seguimento, vixilancia e control, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de se-lo caso. O acordo de liquidación será susceptible de revisión de conformidade coa lexislación vixente.

O pago das obrigas derivadas da dita liquidación poderá reclamárselle a entidade que se considere responsable e deberá ser aboada nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público. Contra o rexeitamento expreso ou tácito poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

#### **7ª) Relación Laboral**

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e SOGAMA, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento do mesmo.


#### **8ª) Publicidade**

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

#### **9ª) Natureza e réxime xurídico**

O presente convenio terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

E, en proba de conformidade, asinan o presente documento no lugar e data establecidos no encabezamento , en triplicado exemplar.

|                                                                                                                                                                                                                                                           |                                                                                                                                                                                                                                            |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>O presidente da Deputación Provincial,</p>   <p>Asdo.: José Manuel Baltar Blanco</p> | <p>O presidente de Sogama,</p>   <p>Asdo.: Javier Domínguez Lino</p> |
| <p>Dou fe,</p> <p>O secretario da Deputación Provincial,</p>  <p>Asdo: Francisco Cacharro Gosende</p>                                                                  |                                                                                                                                                                                                                                            |